



## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL

### 1. XUSTIFICACIÓN

Os departamentos didácticos do Ámbito Lingüístico e Social (Lingua castelá, Lingua inglesa, Lingua galega, Lingua francesa, Relixión, Ed. en Valores cívicos e éticos e Xeografía e Historia) decidimos, como en cursos anteriores, reunirnos conxuntamente para coordinarnos e optimizar o noso traballo unha vez ao mes como mínimo.

### 2. COMPOSICIÓN DO ÁMBITO. MATERIAS ASIGNADAS, HORAS E DISTRIBUCIÓN.

#### 2.1 DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS XEOGRAFÍA E HISTORIA

APELIDOS E NOME	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Montserrat Sanuy Alfeirán</b>	X	X	- Xeografía e Historia: 1º A, 1º B, 2º A e B, 3º e 4º ESO
<b>Benito Blanco Bogo</b>	X		- Economía e Emprendemento 4º ESO - Cultura Financieira 3º ESO
<b>Santiago Pascual Buyé</b>	X		- Educación en Valores Cívicos e Éticos 3º A e B
<b>Carlos Daporta Méndez</b>	X		- Filosofía 4º ESO

#### 2.2 DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN



APELIDOS E NOME	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Consuelo Segade Carreira</b>	x	x	-Relixión ESO e Primaria. -Completa o seu horario lectivo no CEE Panxón e na EEI Dunas



### 2.3 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

APELIDOS E NOME	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Eva M<sup>a</sup> Vázquez Gallardo</b>	x	X	- Lingua Castelá, 2º A e B, 3º A e B e 4º ESO. - R eforzo 2º e 1º ESO
<b>Ana Martínez Pous</b>	x		- Lingua Castelá 1º ESO

### 2.4 LINGUA GALEGA E LITERATURA

APELIDOS E NOME	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Carme Vilar Díaz</b>	x	x	- Lingua Galega 1º ESO, 2º A e B ESO, 3º A e B e 4º da ESO.

### 2.5 LINGUA FRANCESA

APELIDOS E NOME	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Ana Martínez Pous</b>	x	x	- Francés 1º, 2º , 3º e 4ºde ESO - Xefatura de Estudos



## 2.6 INGLÉS

APELIDOS E NOME	Pp	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
<b>Andrea García-Picher Rodríguez</b>		x	x	Inglés 1º A , 2º, 3º A e B e 4º de ESO.
<b>Pablo Fernández Bello</b>	x			Afondamento e reforzo en 1º ESO e 2º ESO.

## 3. MARCO LEGAL

- **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio. (LOMLOE)

- o **Decreto 86/2015** polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma.

- O **DECRETO 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Resolución 10 xaneiro 2024 (DOGA Artigo 7.2)**

## 4. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Os resultados da avaliación inicial permitiranos detectar as necesidades ou carencias do alumnado. A partir dela estableceremos, principalmente ao longo do primeiro trimestre, medidas colectivas para impartir, repasar ou reforzar os contidos non traballados. De ser o caso, tamén poderemos planificar reforzos individuais coa extensión necesaria ao longo do curso. Utilizaremos materiais diversos tales como fichas, vídeos, lecturas coas correspondentes preguntas orais e escritas, Aula Virtual, páxinas web educativas, etc.

Como as materias de Lingua Galega, Castelá, Inglés e Francés teñen continuidade ao longo dos catro cursos da ESO, sempre temos a posibilidade de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**

Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

reforzar ou explicar aquelas aprendizaxes non adquiridas o curso anterior, ben porque non foron traballadas na aula, ben porque algún alumno ou alumna non as adquiriu.



## 5- METODOLOXÍA, CRITERIOS CUALIFICACIÓN E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Os alumnos contan cunha Aula Virtual nalgunhas das materias ou Edixgal en Galego e en francés. O principal obxectivo é que tanto o alumnado como o profesorado adquiren as destrezas necesarias para traballar de forma autónoma: mensaxes, tarefas, audios, vídeos, documentos, PDF, presentacións. Ademais colgaremos material relacionado co traballo da aula e intentaremos que o alumnado mellore a súa autonomía de aprendizaxe e exercite a súa creatividade.

Non desbotamos o uso dos libros de texto así como outras ferramentas de axuda ao proceso de ensino como o correo electrónico, co que traballamos o curso pasado e resultou moi útil. Facilitaremos a transferencia e as conexións entre conceptos clave que poidan ser comúns a diferentes materias. Un exemplo sería entre a materia de Xeografía e Historia e a de Bioloxía e Xeoloxía , xa que ámbalas dúas conteñen contidos comúns.

### 5.1. AVALIACIÓN

#### Procedemento de Avaliación

- Durante cada trimestre o profesorado realizará como mínimo unha proba escrita que se baseará nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade a consecución dos obxectivos mínimos relativos a elas.
- Cada unha destas probas abarcará o que o profesorado considere.
- Valorarase cun 0,25 punto máis a orde, claridade, ortografía e limpeza coa que está realizado o exame.
- Cada falta de ortografía descontará 0,10 puntos, sendo 1 punto o máximo a descontar.
- O alumno ou alumna deberá escribir dez veces e facer unha oración con cada unha das faltas de ortografía.
- A cualificación de cada unha das probas obterá un número entre 0 e 10, que poderá levar decimais.
- Só se fará media con notas superiores a 3.
- A duración destas probas será en xeral dunha unidade lectiva (50



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

minutos), pero aquel alumnado que necesite máis tempo por algunha causa xustificada contará con el.



- No caso de que un alumno ou alumna copie ou fale con algún dos seus compañeiros durante a proba, retiraráselle o exame e deberá inicialo de novo e terá tempo que quede da clase.
- Os exames non sairán do centro. O alumno ou alumna poderá ver o exame correxido e puntuado, así como os seus pais, en presenza do/-a profesor/-a na hora e día que este estableza.
- As reclamacións aos resultados dos exames terán que ser por escrito.

No caso de non poder asistir a un exame, o profesor establecerá outra data para facelo que coincidirá ca incorporación do alumno/a ás clases, sempre que se presente o xustificante correspondente. Será o alumno quen se dirixa ao profesor/a para acordar data e hora, podendo ser no mesmo día da incorporación. A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso no bloque avaliado.

## 5.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para aprobar cada avaliación o alumno ou alumna deberá obter unha nota media igual ou superior a 5. A nota media de cada avaliación realizarase da seguinte maneira:

**. Notas das probas de coñecemento: 70%**

**. Outras actividades: 30% (caderno 10%, traballos 10% e actitude 10%).**

Para aprobar a materia en cada avaliación (1ª, 2ª e 3ª) será necesario que o/a alumno/-a obteña unha nota mínima de 5 puntos que será a media das notas de todas as cualificacións obtidas polos distintos conceptos avaliados das distintas unidades didácticas.

A nota final do curso será a media das notas da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. Ás probas finais de recuperación irase cos contidos das tres avaliacións, aínda que nos exames de recuperación só foran con algunha.

De darse a situación de que a algún alumno ou alumna lle sexa imposible realizar probas presenciais, teremos que modificar os criterios de cualificación da presente programación e serán os seguintes:

- Trabajo na casa a través das plataformas virtuais (tarefas, videoconferencias...): 40 %





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

- Probas telemáticas (exames, traballos, proxectos): 60%



### 5.3 Instrumentos de avaliación

Para a cualificación do alumnado terase en conta:

#### 5.3.1 Actitude:

- Participación activa e comportamento axeitado na clase.

#### 5.3.2 Traballo diario e participación:

- A atención, interese ou esforzo que amosa durante as clases.
- Capacidade de traballo en grupo.
- Entrega dos materiais requeridos nos prazos fixados.
- Resumos e apuntes.
- Realización das tarefas.
- Organización e resolución de exercicios e traballos no ordenador do centro.
- Realización e presentación de traballos.
- Realización das lecturas establecidas.
- Realización das actividades voluntarias online que a editorial proporciona.
- Caderno do alumno.
- Contestar de forma correcta as preguntas que se lle realicen na aula.

#### 5.3.3 Probas e controis:

- Realización de probas escritas: controis, exames ... por cada unidade didáctica (nalgún caso serán dous temas).



- A convocatoria final farase en xuño (nela se avaliarán tódolos contidos das materias supensas de forma continua ou por avaliacións).
- En Lingua Castelá nas probas escritas de 1º e 2º da ESO pode incluírse sempre unha pregunta sobre a lectura realizada. Así mesmo, pódese avaliar a lectura cunha folla de rexistro lector que se lle entregará ao alumnado.

No caso de faltas prolongadas por enfermidade o alumno deberá facer o seguimento das actividades e das explicacións por Aula Virtual. Entregará os traballos nas datas establecidas sempre que a súa saúde o permita. No caso de non poder facer as tarefas por motivos de saúde, terá que xustificalo.

- Os traballos entregados fóra de tempo non serán tidos en conta.
- Os traballos serán presentados pola Aula Virtual no caso que corresponda seguindo as indicacións requiridas e engadidas nas instrucións das tarefas ou ben polos correos proporcionados polas profesoras.

#### **5.3.4 Traballos en equipo ou individuais.**

- O alumnado presentará un traballo adecuado ao establecido polo profesorado.
- Só se recollerá se está entregado no prazo establecido.
- O traballo responderá a unha investigación previa e nunca a copia exacta da fonte de información.
- Limpeza: O alumnado presentará os traballos en folios brancos, escritos por unha soa cara, ausentes de manchas ou rachóns e correctamente encadernado, a poder ser, nun dossier de plástico.

#### **- Cualificación final de xuño**

- No caso de ter tódalas avaliacións superadas, a cualificación final de xuño obterase facendo a media aritmética das cualificacións destas, pero tendo sempre en conta a evolución do alumno ou alumna ao longo do curso, de maneira que esta media redondearase á alza ou á



baixa segundo o traballo e/ou actitude resultasen positivos ou negativos ao longo do curso,

respectivamente. Tamén se terá en conta a realización das actividades mandadas



no mes de xuño de ampliación.

- Sempre que o alumnado teña suspensa algunha materia, deberá presentarse aos exames da avaliación extraordinaria.
- Todas as reclamacións que se fagan ás calificacións obtidas deberán presentarse por escrito no prazo de 48 horas .
  
- **Recuperacións das materias pendentes**

O procedemento de recuperación para o alumnado con materias pendentes será o seguinte:

- ❖ O alumnado poderá practicar con exercicios e actividades que se lle proporcionarán ao principio do curso, xunto cos contidos mínimos que ten que acadar. A realización dos exercicios encomendados será de carácter obrigatorio e contará como parte da nota final da recuperación (20% ou 30%, segundo a materia)
- ❖ Ao alumnado entregáraselle o documento que aparece debaixo onde queda constancia de que foron entregados os exercicios que ten que facer para presentarse á recuperación da materia pendente. Ao ser obrigada a firma da familia, quedarán informados das datas de entrega.
- ❖ As probas de recuperación serán do 3 ó 7 de febreiro.
  
- ❖ A segunda parte será no mes de maio do 5 ó 9.



## ACTIVIDADES DAS MATERIAS PENDENTES

O alumno/a .....

recibe o día .....

as actividades de ..... pendente do curso de .....

Este material deberá entregarse feito antes do.....

Panxón, ..... de .....do .....

Asdo.: ..... Asdo.:.....

Profesor/a da materia

Pai/nai

**NOTA:** As materias pendentes contan para a promoción de curso e para a titulación, por tanto, é moi importante que o alumno/a supere a avaliación correspondente a este programa. Non obstante, en caso de non obter avaliación positiva ao finalizar o curso, poderá presentarse á proba extraordinaria. Para isto, o profesorado da materia elaborará un informe sobre obxectivos e contidos non acadados e a proposta de actividades de



### **\*Alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática**

Este tipo de alumnado deberá levar sempre o material á casa (libro de texto, caderno, fichas...). Temos que contar coa axuda do centro educativo para poder recoller e devolver corrixidas as súas tarefas.

O equipo directivo do centro leva traballando dende comezo do curso para solventar calquera tipo de carencia de todo o alumnado, en previsión de escenarios de aprendizaxe non presencial.

#### **- Alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (NEAE)**

Unha vez realizada a avaliación inicial e identificados os alumnos e alumnas con necesidades especiais, o equipo de profesores coordinados polos membros do departamento de orientación, tomará as decisións axeitadas para atendelos a través de apoios fóra da aula impartidos pola PT e a profesora de Lingua castelá (que impartirá os reforzos correspondentes ás exencións de francés) e os distintos reforzos educativos do profesorado de cada materia.

#### **5.4 Comunicación coas familias**

Durante o último trimestre do curso pasado utilizamos medios diversos e efectivos: correo electrónico, Abalar... que continuaremos utilizando. Ademais disto, as familias poden obter a información personalizada do alumnado a través das titorías correspondentes.

### **6 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- ❖ A participación dos alumnos-as en concursos, exposicións, obras de teatro... reflectirase na Memoria do curso, posto que depende da oferta que ó longo do ano escolar as diferentes entidades e concellos nos propoñan.
- ❖ Organizamos unhas charlas sobre o funcionamento das Institucións de Galicia para o segundo trimestre, así como unha visita ás mesmas en Santiago para 3º e 4º de ESO.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

- ❖ Colaborarase co equipo da Biblioteca, co Equipo de Dinamización Lingüística na organización das diferentes festividades e actividades que estes propoñan (Magosto,





Entroido, Día da Paz, Día da Muller Traballadora...). Ademais solicitaremos a axuda de outros departamentos (sociais, relixión e plástica entre outros) para a celebración do Día do Libro e Día das Letras Galegas.

- ❖ Colaborarase tamén co grupo de traballo da Bibioteca para coordinar e dinamizar as actividades que se consideren máis axeitadas.

Si se farán actividades de xeito telemático relacionadas coas festividades ou conmemoracións que o profesorado considere oportunas.

- ❖ Participarase nas actividades establecidas polo Plan Lector do Centro, animando á lectura ao alumnado no proxecto Hora de ler ( actividade que todos os integrantes deste ámbito apoiamos).

## 7 DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### 7.1 OBXECTIVOS

- Coñecer e discutir as modificacións que supón a entrada en vigor da LOMLOE.
- Redactar as programacións no soporte da Consellería (PROENS).
- Establecer unha forma común de traballo, unificando a metodoloxía didáctica como prioridade neste curso.
- Organizar o traballo de forma semellante na plataforma dixital Aula Virtual en tódolos cursos.
- Axustar os Obxectivos Xerais dos Departamentos lingüísticos ó supoñer a base optimizadora da coordinación entre as áreas dos mesmos e do traballo interdepartamental. Será tarefa necesaria marcar os Obxectivos que en cada área se levarán a cabo nos distintos cursos e niveis, non permitindo desaxustes nas programacións didácticas que poidan ir en detrimento do alumnado.
- Procurar establecer entre os contidos de tódalas linguas unha temporalidade parella e unha secuenciación por niveis semellantes, facilitando así a súa adquisición por parte dos/as alumnos/as.
- Unificar os criterios de Avaliación e forma de puntuar , tendo en conta as pautas e variacións aprobadas no Claustro.



- Elaborar e aplicar o proxecto curricular de área.
- Supervisar as programacións e a súa aplicación.
- Coordinar o traballo de Lingua Castelá coa profesora de apoio fóra da aula.
- Coordinar a organización das diferentes materias que formamos parte deste grupo, en tanto sexa posible.
- Avaliar periodicamente o grao de eficacia dos programas.
- Supervisar e controlar materiais didácticos.
- Promover a investigación educativa e a formación e a participación nos diferentes grupos de traballo e proxectos que se leven a cabo no Centro.
- Conseguir recursos e materiais (libros de lectura, vídeo, etc.) para que o departamento estea dotado de forma adecuada.
- Conseguir o máximo rendemento do alumnado.
- Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe. As adaptacións significativas (fóra e dentro da aula), xunto cos reforzos fóra da aula, fai necesaria a avaliación do traballo de forma continua. Os resultados serán comentados polo/a profesor/a de área, aos distintos profesionais dedicados aos apoios e a tódolos que colaborarán no proceso, nas distintas sesións de avaliación. Non podemos esquecer que a flexibilidade é unha das características destes agrupamentos e, por tanto, permítenos a súa variación en calquera momento. Procurarase paliar as carencias coas que parten os alumnos este curso.
- Organizar apoios, materiais de recuperación e avaliación de alumnos pendentes coa PT e o Departamento de Orientación.
- Atender as reclamacións e peticións do alumnado.
- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica de forma activa, expondo ideas, opinións e tomando decisións.
- Empregar de forma eficiente as novas tecnoloxías das que dispoñemos nas



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
aulas.



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)



- Colaborar no grupo de Biblioteca, con actividades coas que o alumnado mellore a súa expresión, favoreza e incremente a súa lectura e desenvolva a súa creatividade.
- Elaborar actividades para a Proxecto deste curso
- Continuar co Plan Lector e avaliar o seu seguimento.
- Coordinar a participación en Prensa Escola, seleccionando os traballos para o alumnado.
- Preparar a posible participación do alumnado en diferentes concursos ou actividades online.

## 7.2 FUNCIONAMENTO (Temporalización do traballo)

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

- ❖ Elaboración das programacións de 1º, 2º, 3º e 4º en Proens.
- ❖ Publicación e explicación nos diferentes cursos dos criterios de avaliación e cuantificación.
- ❖ Preparación das probas de avaliación Inicial e análise dos seus resultados.
- ❖ Elaboración dos grupos de apoio en Lingua Castelá.
- ❖ Selección do tipo de apoio e coordinación coa persoa encargada dos mesmos.
- ❖ Corrección das lecturas realizadas polo alumnado.
- ❖ Colaboración coas actividades da Biblioteca.
- ❖ Cursos de formación do profesorado. Grupos de traballo.
- ❖ Participación no programa Aula Virtual.
- ❖ Revisión da evolución dos apoios.
- ❖ Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.



- ❖ Elaborar cadernos de traballo para a recuperación de materias pendentes.
- ❖ Preparación da Avaliación e da recuperación da mesma.
- ❖ Corrección e publicación dos traballos presentados polo alumnado de Secundaria no blogue de Lingua.
- ❖ Preparación de material: exercicios, apuntes, vídeos para Aula Virtual. Tódolos temas serán presentados cun esquema inicial e con documentación adxunta que conste de teoría e práctica. Todo o alumnado contará con esta plataforma para seguir o proceso de aprendizaxe aínda que estea na casa por enfermidade ou posible confinamento.
- ❖ Corrección e publicación dos traballos de lectura realizados polo alumnado da ESO, así como de tódalas actividades enviadas por Aula Virtual.
- ❖ Organización dos concursos e traballos do alumnado para as diferentes conmemoracións desta avaliación.

### SEGUNDO TRIMESTRE:

- ❖ Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do 1º cuatrimestre.
- ❖ Corrección das lecturas realizadas polos alumnos.
- ❖ Preparación e publicación dos seguintes temas na Aula Virtual.
- ❖ Corrección dos exercicios enviados por Aula Virtual.
- ❖ Análise crítica de resultados da primeira avaliación.
- ❖ Preparación de actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- ❖ Seguimento e avaliación de alumnado con áreas pendentes.
- ❖ Seguimento dos alumnos de apoio.
- ❖ Coordinación de Programacións entre niveles e dentro de cada nivel.



- ❖ Preparación da Avaliación e da recuperación da mesma.
- ❖ Realización de traballos, así como a publicación no blogue.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

- ❖ Preparación e publicación dos temas correspondentes para este trimestre en Aula Dixital.
- ❖ Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do segundo cuatrimestre.
- ❖ Corrección das lecturas realizadas polos alumnos.
- ❖ Preparación da Avaliación da recuperación pendente.
- ❖ Avaliación de alumnado con áreas pendentes.
- ❖ Seguimento do alumnado de apoio.
- ❖ Elaboración da memoria final do curso.
- ❖ Informes para a Avaliación Extraordinaria.
- ❖ Corrección, elaboración e publicación de traballos para o blogue.
- ❖ Avaliación extraordinaria.
- ❖ Publicación dos mínimos de Lingua Castelá no blogue para que se teñan en conta para os exames extraordinarios.
- ❖ Preparación de material para a avaliación extraordinaria.

### **7.3 LIBROS DE TEXTO**

- 1º ESO - Libro de texto da editorial Santillana. Aula Virtual
- 2º ESO- Libro de texto da editorial Santillana. Aula Virtual
- 3º ESO- Libro de texto da editorial Santillana. Aula Virtual
- 4º ESO- Libro de texto da editorial Santillana. Aula Virtual



## 7.4 ESPAZOS E MATERIAL

O ensino das áreas do ámbito realizarase por norma xeral na aula de clase. Os alumnos de 3º e 4º traballarán, cando sexa necesario, na aula de informática .

De igual maneira, disporán da biblioteca do Centro.

O alumnado precisará como mínimo do seguinte material individual:

- Ordenador persoal nas aulas de 1º e 2º Aula Virtual.
- Libro de texto e dicionario.
- Caderno con follas cadriculadas para supervisar o profesor, tomar apuntes e facer a tarefa; así como material imprescindible (bolígrafo, lapis e goma).
- Carpeta arquivador onde o alumnado recollerá todo o material que se lle entregue (fotocopias de temas puntuais, apuntes, fichas de traballo, etc.)
- Memoria USB
- Folla de recollida de lecturas
- Libros de lectura que poderán encontrar na biblioteca do Centro, se non dispuxesen delas .
- Fichas de ortografía
- Fichas de lectura mensual.

## 7.5 REFORZO EDUCATIVO

Para este ano organizaranse os apoios para o alumnado de 1º e 2º ESO en Lingua castelá tendo en conta os resultados das probas iniciais que se avaliaron o día 27 de setembro. Aqueles rapaces que necesiten apoio nestes cursos terán exención de francés e nestas horas acudirán a clases de apoio de lingua .

## 8 DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS , XEOGRAFÍA E HISTORIA e RELIXIÓN

As materias do noso departamento teñen as funcións de axudar ao alumnado na comprensión da realidade humana e social, mediante o estudo do pasado histórico e do medio xeográfico no que se desenvolveron as civilizacións, e de facilitar a función socializadora do ensino, fomentando o desenvolvemento dun xuízo crítico e unha actitude tolerante que o prepare



para o seu futuro como cidadáns da sociedade actual.

### As nosas pretensións cara o alumnado:

- Proporcionarlles a posibilidade de analizar os rasgos e os problemas da sociedade.
- Ensinarlles a valorar críticamente o entorno próximo e o mundo.
- Coñecer e valorar e respectar a diversidade cultural, rexeitando calquera tipo de discriminación por razón de etnia, relixión ou calquera outra, fomentando a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Que valoren e respeten a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, rexeitando comportamentos sexistas e a violencia contra as mulleres.
- Que aprecien a riqueza do patrimonio natural e cultural e colaboren na súa conservación.
- Ensinarlles a comprender a complexa interacción entre os axentes humanos e a natureza.
- Coñecer os mecanismos e os procesos de cambio da sociedade.
- Desenvolver os hábitos de humanismo e democracia.
- Manexar críticamente a tecnoloxía da información e a comunicación

### **8.1 OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Pretendemos como metas máis importantes para o presente curso:

- Coordinarnos co Departamento de Bioloxía en canto á programación dalgunhas unidades didácticas que compartimos relacionadas co planeta Terra e os climas.
- Realizaremos as programacións no soporte da Consellería (PROENS).
- Coordinarnos co Departamento de Lingua Castelá, comezando este curso por 4º de ESO coa fin de que a literatura e a Historia Contemporánea as





traballemos de xeito conxunto.

- Colaborar cos responsables do equipo da Biblioteca nas actividades que organicen.
- Utilizar, na medida das posibilidades do centro, a Aula virtual como ferramenta de traballo, de ampliación e reforzo do traballado nas clases.
- Coordinar os membros do departamento. Traballo en equipo.
- Autoavaliación do noso funcionamento.
- Coordinar e actualizar a metodoloxía didáctica.
- Conseguir recursos e materiais (bibliográficos, de laboratorio, vídeo, etc.) para que o departamento estea dotado de forma axeitada.
- Información xeral sobre cursos, seminarios, congresos...
- Conseguir o máximo rendemento do alumnado.
- Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe.
- Organizar apoios, materiais de recuperación e avaliación de alumnado pendente.
- Propoñer temas de interese e participar por medio do xefe de departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración cos departamentos didácticos correspondentes.
- Elaborar a final de curso unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, a práctica docente e os resultados obtidos.

## 8.2 OBXECTIVOS RELIXIÓN

- Discernimento da situación do feito relixioso na actualidade.
- Recoñecer cales son os interrogantes do home.
- Coñecer unha síntese dos criterios esenciais da fe cristiá.
- Descubrir a dignidade do ser humano, do valor da vida, do senso transcendente do home, creado a imaxe e semellanza de Deus.
- Profundizar na relación fe- cultura
- Valorar a dimensión ética e moral do home, a luz da mensaxe cristiá, para participar activamente na vida e



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

transformación social.

- Descubrir os valores humanos do cristianismo e das distintas relixións.



- Adquirir unha actitude de respecto hacia a vida e hacia a diversidade cultural que encontramos na sociedade.

### 8.3 FUNCIONAMENTO (Temporalización do traballo)

#### PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Revisión de programacións e actualización.
- Preparación das probas de avaliación Inicial e análise dos seus resultados.
- Preparación de actividades extraescolares e complementarias.
- Participar en cursos de formación do profesorado.
- Consensuar o sistema de avaliación das materias pendentes.
- Preparación da Avaliación.
- Elaboración cadernos de traballo para a recuperación de materias pendentes.

#### SEGUNDO TRIMESTRE:

- Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do 1º cuatrimestre no mes de febreiro
- Análise crítica de resultados da primeira avaliación.
- Preparación de actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Revisión da metodoloxía e criterios de avaliación.
- Preparación de actividades extraescolares e complementarias.
- Preparación da segunda avaliación.



### TERCEIRO TRIMESTRE:

- Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do segundo cuatrimestre no mes de maio.
- Análise crítica dos resultados da segunda avaliación.
- Revisión de metodoloxía e criterios de avaliación.
- Avaliación de alumnado con materias pendentes.
- Elaboración da memoria final do curso.
- Informes para a Avaliación Extraordinaria.
- Avaliación extraordinaria de xuño.
- Preparación de material para a avaliación extraordinaria.

### 8.4 LIBROS DE TEXTO E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

1º ESO	
Xeografía e Historia	Editorial Santillana
Relixión	

2º ESO	
Xeografía e Historia	Editorial Santillana
Relixión	



3º ESO	
Xeografía e Historia	Editorial Santillana
Relixión	

4º ESO	
Xeografía e Historia	Editorial Santillana
Relixión	

## 8.5 ESPAZOS E MATERIAL

O ensino das áreas do ámbito realizarase por norma xeral nos seguintes espazos educativos: aula de clase, aula de informática, aula de audiovisuais.

É absolutamente imprescindible a dispoñibilidade dunha hora semanal da aula de informática ou a de idiomas para Xeografía e Historia 3º , 4º, e para a hora lectiva da materia de ed. en valores cívicos e éticos xa que o sistema de traballo desta última materia fai necesario o emprego do ordenador.

Estará a disposición do alumnado toda a bibliografía, cartografía, documentación e outros recursos existentes no departamento para a realización dos distintos traballos. Disporán tamén da biblioteca do Centro, e do material informático que necesiten.

- O alumnado precisará como mínimo do seguinte material individual:

- ❖ Libros de texto.
- ❖ Caderno con follas cadriculadas e folios en branco para os apuntes ou notas que poida tomar na clase, Caderno de clase para supervisar o profesor.
- ❖ Carpeta arquivador onde o alumnado recollerá todo o material que se lle entregue (fotocopias de temas puntuais, apuntes, fichas de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

traballo etc.), ou de asuntos que sexa convinte tratar.

- ❖ Papel cebola e milimetrado para as actividades de xeografía.



- ❖ Todo o alumnado deberá ter correo electrónico.
- ❖ Memoria USB.

## 9 DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

### 9.1 OBXECTIVOS

- Axustar os Obxectivos Xerais dos Departamentos ao supor a base optimizadora da coordinación entre as áreas dos mesmos e do traballo interdepartamental. Será tarefa necesaria marcar os Obxectivos que en cada área se levarán a cabo nos distintos cursos e niveis, non permitindo desaxustes nas programacións didácticas que poidan ir en detrimento do alumnado.
- Revisión das programacións de Francés segundo as pautas da LOMCE.
- Procurar establecer entre os contidos de cada área unha temporalidade parella e unha secuenciación por niveis similar, facilitando así a súa adquisición por parte dos/as alumnos/as.
- Elaborar e aplicar o proxecto curricular de área.
- Avaliar periodicamente o grao de eficacia dos programas.
- Supervisar e controlar, materiais didácticos.
- Promover a investigación educativa e a formación e a participación nos diferentes grupos de traballo e proxectos que se leven a cabo no Centro.
- Conseguir recursos e materiais (libros de lectura, vídeo, etc.) para que o departamento estea dotado de forma adecuada.
- Información xeral sobre cursos, seminarios, congresos...
- Conseguir o máximo rendemento dos alumnos.



- Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe. As adaptacións significativas (fóra e dentro da aula), xunto cos reforzos fora da aula, fan necesaria a avaliación do traballo de forma continua. Os resultados serán comentados polo/a profesor/a de área, aos distintos profesionais dedicados aos apoios e a todos os que colaboraran no proceso, nas distintas sesións de avaliación. Non podemos esquecer que a flexibilidade é unha das características destes agrupamentos e, por tanto, permítenos a súa variación en calquera momento.
- Organizar apoios, materiais de recuperación e avaliación de alumnos pendentes.
- Atender as reclamacións e peticións dos alumnos.
- Empregar de forma eficiente as novas tecnoloxías das que dispoñemos nas aulas.
- Continuar co Plan Lector.
- Mellorar a expresión oral dos alumnos.
- Organizar as diferentes actividades programadas polo departamento, así como as viaxes de intercambio e inmersión que se realizarán durante o curso 2024/25

## 9.2 FUNCIONAMENTO (Temporalización do traballo)

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Revisión e modificación das programacións.
- Preparación das probas de avaliación Inicial e análise dos seus resultados.
- Colaboración coas actividades da Biblioteca.
- Cursos de formación do profesorado. Grupos de traballo.
- Participación no programa ABALAR e EDIXGAL.
- Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre. Elaborar cadernos de traballo para a recuperación de materias pendentes.
- Preparación da Avaliación.





- Preparación do intercambio (alumnos de 3 ESO) co centro educativo de Fécamp, en Francia. Collège Lycée La Providence.
- Preparación do intercambio de 3 semanas (4º ESO) co centro educativo de Fécamp, en Francia. Collège Lycée La Providence.

### SEGUNDO TRIMESTRE:

- Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do 1º cuadrimestre. Análise crítica de resultados da primeira avaliación.
- Preparación de actividades relacionadas cas conmemoracións e celebracións deste trimestre. Seguimentos de alumnado con áreas pendentes.
- Avaliación de febreiro para alumnos con materias pendentes. Participación nos diferentes grupos de traballo do Centro.
- Preparación da avaliación.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

- Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do segundo cuadrimestre.
- Preparación da Avaliación.
- Avaliación de alumnado con áreas pendentes.
- Elaboración da memoria final do curso.
- Informes para a Avaliación Extraordinaria.
- Avaliación extraordinaria.
- Preparación de material para a avaliación extraordinaria de setembro.

### **9.3 LIBROS DE TEXTO**

<b>1º ESO</b>	
Francés	Edixgal: Netex Smart e Aula Planeta

<b>2º ESO</b>	
Francés	Edixgal: Netex Smart e Aula Planeta



3º ESO	
Francés	Parcours pour le collège 3. Santillana

4º ESO	
Francés	Materia variado de elaboración propia e Aula virtual.

#### 9.4 ESPAZOS E MATERIAL

O ensino das áreas do ámbito realizarase por norma xeral nos seguintes espazos educativos: aula de clase, aula de idiomas e aula de informática.

O alumando disporá tamén da biblioteca do Centro, e do material informático que necesite (en 1º e 2º da Eso ordenadores persoais do programa EDIXGAL).

O alumnado precisará como mínimo do seguinte material individual:

- Libro de texto / Ordenador portátil EDIXGAL.
- Caderno con follas cuadriculadas para supervisar o profesor, tomar apuntes e facer a tarefa.
- Portafolios de plástico onde o alumnado recollerá todo o material que se lle entregue (fotocopias de temas puntuais, apuntes, fichas de traballo etc.)
- Lapis, goma e bolígrafos.



## 10 DEPARTAMENTO DE INGLÉS

### 10.1 OBXECTIVOS

- Adxustar os obxectivos xerais dos departamentos para optimizar a coordinación da áreas do mesmo e do traballo interdepartamental. Deste xeito evitanse desaxustes nas programacións.
- Elaboración das programacións de inglés da ESO en PROENS.
- Avaliar periódicamente o grado de eficacia dos programas.
- Procurar establecer entre os contidos de cada área unha temporalidade parella e unha secuenciación por niveis similar, facilitando así a súa adquisición por parte do alumnado.
- Promover a investigación educativa e a formación nos diferentes proxectos que se leven a cabo no Centro.
- Conseguir recursos e materiais para que o departamento estea dotado de forma adecuada.
- Información xeral sobre cursos, seminarios, congresos...
- Conseguir o máximo rendemento do alumnado.
- Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe. As adaptacións e os reforzos fai necesaria a avaliación do traballo de forma continua. Os resultados serán comentados polos distintos profesionais que colaboran no proceso, e nas distintas sesión de avaliación. Desta forma poderán ser modificadas cando se estime necesario.
- Elaborar apoios, materiais de recuperación e avaliación do alumnado que teña pendentes.
- Atender as reclamacións e peticións do alumnado e a súas familias.
- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

de forma activa, expoñendo ideas, opinión e tomando  
decisión.



- Empregar de forma eficiente as novas tecnoloxías das que dispoñemos.
- Continuar co plan lector.
- Mellorar a expresión oral do alumnado, na comprensión lectora e nos hábitos de traballo.
- Participar en actividades de formación para o profesorado.

## 10.2 FUNCIONAMENTO ( Temporalización do traballo).

### **Primeiro Trimestre:**

- Revisión e modificación das programacións.
- Preparación das probas de avaliación inicial e análise dos seus resultados.
- Elaboración dos grupos de apoio.
- Selección do tipo de apoio e coordinación ca persoa encargada dos mesmos.
- Corrección das lecturas realizadas dos mesmos.
- Colaboración cas actividades da Biblioteca.
- Cursos de formación do profesorado .
- Participación no programa Abalar.



- Revisión e seguimento dos apoios.
- Elaborar as actividades para a recuperación das materias pendentes.
- Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Preparación da avaliación.

### **Segundo Trimestre:**

- Corrección dos traballos e actividades de recuperación de pendentes.
- Corrección das probas de avaliación do 1º trimestre.
- Corrección das lecturas realizadas polo alumnado.
- Análise de resultados da 1ª avaliación.
- Preparación de actividades relacionadas cas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Seguimento do alumnado con materias pendentes.
- Avaliación de febreiro para o alumnado con materias pendentes.
- Seguimento do alumnado de apoio.
- Coordinación de programacións entre niveis e dentro de cada nivel.
- Participación nas diferentes actividades do centro.
- Preparación da avaliación.



**Terceiro Trimestre:**

- Corrección dos traballos e actividades de recuperación de pendentes.
- Corrección das probas de avaliación do 2º trimestre.
- Corrección das lecturas realizadas polo alumnado.
- Análise de resultados da 2ª avaliación.
- Preparación de actividades relacionadas cas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Seguimento do alumnado con materias pendentes.
- Avaliación de maio para o alumnado con materias pendentes.
- Seguimento do alumnado de apoio.
- Coordinación de programacións entre niveis e dentro de cada nivel.
- Participación nas diferentes actividades do centro.
- Preparación da avaliación.
- Elaboración da memoria de final do curso.
- Elaboración dos informes para a avaliación final e extraordinaria.
- Preparación do material para a avaliación extraordinaria do alumnado co a materia suspensa.



### 10.3 LIBROS DE TEXTO

<b>1º ESO</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Choices Student´s Book versión dixital</li><li>- Workbook versión papel</li></ul>	- Edit. Burlington Books
<b>2º ESO</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Network Student´s Book versión dixital</li><li>- Workbook versión papel</li></ul>	- Edit. Burlington Books
<b>3º ESO</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Network Student´s Book versión dixital</li><li>- Workbook versión papel</li></ul>	- Edit. Burlington Books
<b>4º ESO</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Network Student´s Book versión dixital</li><li>- Workbook versión papel</li></ul>	- Edit. Burlington Books

### 10.4 ESPAZOS E MATERIAL

O ensino das áreas do departamento realizaranse por norma xeral na aula e na aula de idiomas. Dispondrán tamén da biblioteca do centro e do material informático que necesiten.

O alumnado precisará como mínimo do seguinte material individual:





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

● Licencia dixital



**CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS**

Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra

Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313

E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)



- Caderno para tomar apuntes e facer a tarefa cando o profesor ou profesora o estimen oportuno.
- Carpeta archivador onde o alumnado recollerá todo o material que se lle entregue ( fotocopias, apuntes, fichas de traballo, etc. )
- Memoria USB
- Todo o alumnado deberá ter correo electrónico.
- Dicionarios
- Auriculares



## 11. DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

### 11.1 OBXECTIVOS

- Conseguir que o alumnado saiba falar, ler e escribir correctamente en galego e que o faga.
- Conseguir que o alumnado adquira os contidos mínimos de lingua e literatura galega esixidos en cada curso e atender ó alumnado con dificultades de aprendizaxe deses contidos.
- Fomentar o gusto pola lectura de xornais e textos literarios en lingua galega que lles axuden a crearen eles os seus propios textos xornalísticos e literarios.
- Colaborar co EDLG nas actividades que organice.

### 11.2 ACTIVIDADES:

- **No 1º trimestre do curso:**

Ó principio de curso, como no resto das áreas, farase unha avaliación inicial oral e/ou escrita dos coñecementos que o alumnado ten sobre os contidos mínimos esixibles para estar nese curso.

Trala avaliación inicial transmitiranse os contidos correspondentes a este trimestre, seguindo o libro de Lingua e Literatura Galega de 3º e 4º da ESO da Editorial Anaya. O alumnado de 1º, e 2º A e B da ESO teñen Edixgal, plataforma na cal está a Editorial Aula Planeta, cuxos contidos traballarán durante o curso. Transmitiranse os contidos e faranse as actividades que o libro de texto propón, en 3º e 4º da ESO, e a Editorial Aula Planeta de EDIXGAL en 1º e 2º da ESO. Comprobarase se o alumnado adquiriu os contidos mediante probas escritas e tamén orais. Procurarase facer unha proba escrita despois de acabar cada unidade didáctica.

Como en anos anteriores organizárase o “**Concurso de textos sobre o outono**”. Poñerase o texto gañador na revista Axiordo e dirase pola radio escolar. E, en



colaboración coa Biblioteca, tamén se poñerá o relato de terror gañador do **“Concurso de relatos de terror”** que esta organiza. O alumnado, as súas familias e o profesorado poderá participar no **“Concurso de postres de outono, coas súas correspondentes recetas”**. Incluirase na revista Axiordo tamén a foto da máscara de terror gañadora do **“Concurso de máscaras terroríficas”** que organiza tamén este curso a Biblioteca.

Animarase ó alumnado a participar na radio escolar que se fará online e emitirase os últimos venres de cada mes. O alumnado voluntario elaborará os programas radiofónicos de cada mes. Tamén se animará ó alumnado a participar na elaboración da revista **“Axiordo”**, do EDLG. Ademais, animarase ó alumnado a participar no **“Concurso de relato oral Tíralle da Lingua”**, organizado polo ASPG. Terán que gravar en galego un conto ou unha historia que dure como moito 5 minutos. Poderán participar individualmente ou en grupo. Tamén poderán participar no **“Concurso de curtas”** e no **“Concurso Dígocho eu”**.

- Seguindo as actividades organizadas por Ponte nas Ondas (PNO):
  - . Faranse actividades en relación co ***Día Internacional do Patrimonio***.
  - . Celebraremos a inscrición do colexio no ***PNO***.
  - . ***Participación no 8º Certame “As imaxes do patrimonio***.

. **No 2º trimestre do curso:**

Transmitiranse os contidos correspondentes a este trimestre e examínarase ó alumnado deles do mesmo xeito que no 1º trimestre.

A primeira semana de xaneiro animarse ó alumnado a participar no **“Concurso de regueifas”**, organizado polo EDLG do noso colexio en colaboración con doutros centros do Val Miñor.

En xaneiro festexarase o *Día da Paz* facendo manifestos en prol da Paz. O mellor incluírse na revista Axiordo e emitirase pola radio escolar. Tamén haberá un **“Concurso de marcapáxinas con debuxos e poemas e/ou mesaxes sobre a paz”**.

O **23 de febreiro**, para festexar o nacemento de **Rosalía de Castro**, faranse recitais dos seus poemas. Incluiranse na radio escolar. E falarase deste día na revista



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CPI Plurilingüe ARQUITECTO PALACIOS  
Camiño dos lagos nº1– Panxón—Pontevedra  
Tel 986 365 963 - 986 365 964 Fax 986366313  
E-mail: [cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)

“Axiordo” e no blogue do EDLG.

***Elaboración dun programa de radio para festexar o Día Mundial da Radio, 13 de febreiro;*** actividade organizada por Ponte nas Ondas.



No mes de marzo animarase ó alumnado a participar no "**Concurso Ollo con Nigrán**".

O 21 de marzo, para festexar que é o **Día da poesía**, haberá un **recital de poemas** dos principais poetas e poetisas da Lingua galega e de poemas feitos polo alumnado

#### . No 3º trimestre do curso:

A semana do 23 de abril festexarase o **Día do Libro** lendo a algún dos principais autores da Literatura Galega. Ademais todo o alumnado verá o vídeo sobre a vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez, escritor ó que está dedicada a Biblioteca do noso colexio. Tamén haberá un "Concurso de parcapáxinas con citas dos principais autores galegos".

O 23 de abril haberá unha **charla dun escritor** sobre os seus libros. Previamente lerán un libro del.

En maio, para festexar as **Letras Galegas**, falarase das **pandereteiras** e as **Cantigas populares**; Actuará o grupo do Casco Vello de Vigo "Ferreñas da Oliveira"

No mes de maio animarase ó alumnado a participar no **VI Certame de micropoemas Beatriz da Serra**; organizado polo EDLG do noso centro xunto cos dos outros centros do Val Miñor: IES Escolas Proval (Nigrán), IES Plurilingüe Terra de Turonio (Gondomar), IES Primeiro de Marzo (Baiona), CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro (Gondomar) e CEIP Carlos Casares (Nigrán); en colaboración cos concellos de Gondomar, Nigrán e Baiona.

No mes de maio tamén haberá un "**Concurso de coplas dos Maíos**". Animarse ó alumnado a participar nel.

## 11.2 METODOLOXÍA

Procurarase formar alumnado participativo creando unha dinámica de grupo en que empreguen correctamente a lingua galega e mantendo o turno de palabra. Cómpre fomentar neles a necesidade de expresarse en galego por ser a lingua propia de Galicia e teñen que facelo



dunha forma fluída e axeitada a cada contexto, aumentando e mellorando o seu vocabulario mediante a realización de exercicios escritos e orais consistentes en elaborar textos adecuados, coherentes e ben cohexionados, despois de ler e comprender os textos propostos no libro de texto e nos libros de lectura propostos para cada mes.

Deben adquirir tamén os contidos de Gramática e de Historia da Lingua e Literatura Galega. Para adquirir estes últimos, ademais do que vén no libro de texto, poderán ver os vídeos didácticos que hai sobre os principais autores da Lingua e Literatura Galega e buscar información na rede e nas biografías e libros dos diferentes autores que hai na Biblioteca.

### **11.3 AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE TEN A LINGUA E LITERATURA GALEGA DE CURSOS ANTERIORES.**

No mes de febreiro será a primeira das dúas convocatorias que ten o alumnado con áreas suspensas de anteriores cursos. Os exames da primeira metade das unidades didácticas serán en febreiro, e os da segunda metade en maio.

Teranse en conta os contidos mínimos esixibles para cada curso e elaboraranse exames atendendo a eses contidos. Previamente o alumnado suspenso terá que facer exercicios en relación con cada Unha das metades dos temas que compoñen os contidos do curso que teñen que recuperar. Deberán entregalos antes do día do exame para seren corrixidos e devoltos. Farase media entre os resultados obtidos nos exames das dúas convocatorias, na de febreiro e na de maio.



### 11.4 ACTIVIDADES EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

O alumnado de Secundaria lerá durante o curso os seguintes libros de lectura que deberán mercar ou coller na Biblioteca:

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	<p>Un destes libros:</p> <p><i>Estaniaio,</i> <i>príncipe de</i> <i>Sofrovia,</i> de M. Lourenzo González</p>	<i>Poetízate, de</i> <i>Fran Alonso.</i>	

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	<p>(16 exemplares na Biblioteca)</p> <p><i>As flores</i> <i>radiactivas,</i> de <i>Agustín</i> <i>Fernández Paz</i></p> <p><i>Endrina e o</i> <i>segredo do</i> <i>Peregrino,</i> de <i>Concha López</i> <i>Narváez</i></p>	<i>Alén da néboa de</i> <i>Pedro Rodríguez</i> <i>Villar.</i>	





	<p><b>O inspector</b> <b>Chumbo, de Lois</b> <b>Ripalda</b></p> <p><b>O Principiño, de</b> <b>Antoine de Saint</b> <b>Exupéry</b></p>		
--	---	--	--

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<b>2º ESO</b>	<p>Un destes libros:</p> <p><b>Cando petan na porta pola noite, de Xabier P. Docampo (5)</b></p> <p><b>Cartas de inverno (2)</b></p> <p><b>Noite de voraces sombras, de Agustín Fernández Paz (3)</b></p>	<p><b>Poetízate, de Fran Alonso.</b></p> <p><b>Alén da néboa de Pedro Rodríguez Villar.</b></p>	<p><b>Pumarde dón, Francisco Fernández del Riego</b></p>

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<b>2º ESO</b>	<p><b>Contos por palabras(9)</b></p> <p><b>Rapazas, de Agustín Fdez Paz (1)</b></p> <p><b>A pomba e o degolado , de Fina Casalderrey (4)</b></p>		



2º ESO	<p><b><i>Chamádeme Simbad,</i></b> <i>de Francisco Castro</i></p> <p><b><i>A sombra cazadora,</i></b> <i>de Suso de Toro</i></p> <p><b><i>. A vida secreta</i></b> <b><i>das mulleres</i></b> <b><i>planta,</i></b> <i>de Leticia</i> <i>Costas (4</i> <i>exemplares na</i> <i>Biblioteca)</i></p> <p><b><i>.Escarlatina, a</i></b> <b><i>cociñeira defunta,</i></b> <i>de Leticia Costas</i> <i>(3 exemplares)</i></p>		
	<p><b><i>O ceo dos afogados,</i></b> <i>de Francisco Castro</i> <i>(2 exemplares)</i></p>		



CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3º ESO	<p>Un destes libros:</p> <p>. <i>Diario da outra maniática</i> (8 exemplares)</p> <p>. <i>Diario secreto de Adrián Mole</i> (3 exemplares)</p> <p>. <i>Unha estrela no vento</i>, de Leticia Costas (3 exemplares)</p> <p>. <i>O inferno de Marta</i>, de Pasqual Alampont ( 4 exemplares na Biblioteca)</p> <p>. <i>O corazón de Xúpiter</i>, de Leticia Costas (1 exemplar)</p>	<p><i>Poetízate</i>, de Fran Alonso.</p> <p><i>Alén da néboa de Pedro Rodríguez Villar</i>.</p>	



CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
4º ESO	<p>Un destes libros:</p> <p><i>. Retrincos,</i> <i>Os vellos non deben namorarse,</i></p> <p><i>Os dous de sempre,</i></p> <p><i>Cousas</i></p> <p>ou</p> <p><i>Un ollo de vidro,</i> de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Ed.Galaxia.</p>	<p><i>. Poetízate, de Fran Alonso.</i></p> <p><i>Alén da néboa de Pedro Rodríguez Villar.</i></p>	<p><i>. O lapis do carpinteiro, de Manuel Rivas.</i></p>

Despois de ler estes libros deberán cubrir unha ficha de lectura onde se inclúan as personaxes principais e secundarias do libro, cando acontece a acción e onde, o tema e argumento do libro e o vocabulario novo que aprenderon. Logo terán un exame de lectura do libro ou terán que expoñelo.

Ademais destes libros de lectura obrigatoria, o alumnado en cada trimestre poderá ler calquera dos libros de Educación Secundaria que escolla da Biblioteca, do que fará unha ficha de lectura despois de lelo, mais non se examinará del. Cantos máis libros lea, mellor nota terá na avaliación.

Durante a Hora de ler, se coincide coa clase de Lingua e Literatura Galega, terán que ler o libro de lectura do trimestre.